

Programa e relatores

Roteiro polos espazos vitais e literarios de Vicente Risco na provincia de Ourense



Opción a

08:30 — Saída en bus desde Allariz a Castro Caldelas

Opción b

10:00 — Inicio do percorrido en Castro Caldelas con Manoel Carrete Rivera

- A fonte
- O Toural e o Prado
- Santuario dos Remedios (Castro Caldelas e o galego)
- O Casino (Manuel Casado Nieto, *El agro* e Perfecto Herbella)
- Casa familiar
- Igrexa de Santa Isabel
- Praza da Torre
- A fortaleza (visita): o irrio, os fachós, o Foro do burgo, Pero Viviaez. Desprazamento ao Burgo e San Xoán de Camba. Os que optasen pola opción a, irán no bus e os que optasen pola opción b, irán pola súa conta.

14:00 — Remate da primeira parte do percorrido. Os que optasen pola opción a regresarán a Allariz en bus e os que optasen pola opción b moveranse pola súa conta.

Xantar — Imos ver a posibilidade de xantar en grupo, quen o queira, en Allariz.

16:00 — Inicio do percorrido en Allariz con Antonio Blanco Rodríguez

- Igrexa de Santiago (Sátiro Lamas e *La Voz de Allariz*)
- Antigo xulgado (Manuel Romasanta)
- Palla Barro
- O castelo e o socastelo
- Casa do Padre Feijoo
- Cruceiro de Vilanova
- Cemiterio
- Pombal da ponte de Vilanova
- Arnado
- Alameda
- A Fundación Vicente Risco (visita)

20:00 — Remate do percorrido



Manoel Carrete Rivera

Manoel Carrete Rivera é licenciado en Dereito e en Historia, e Diplomado en Estudos Avanzados sobre emigración galega en Cataluña pola Universitat de Barcelona. Doutorouse con *El asociacionismo galego en Cataluña en el siglo XX*.

Foi o socio máis novo do Centro Galego de Barcelona entidade que presidiu entre 2012 e 2017, a segunda entidade galega máis antiga da emigración e foi secretario da Federación de Entidades Galegas de Cataluña. Colaborou en diversas revistas e programas de radio e participou en multitude de seminarios e congresos tanto nacionais coma internacionais.

Posteriormente, foi asesor de Emigración da Deputación de Ourense (2017-2022) e director do Museo Galego da Emigración.

Entre as obras da súa autoría salientan: *Centro Galego de Barcelona. 80 anos de historia. 1923-2003* (2003), *Máis que nós, ningún 1892-2007* (2007), *Cent quinze anys del Centre Gallec de Barcelona* (2007), *Migració gallega a Catalunya: Irmandade A Nosa Galiza de Mollet* (2010), *Centro Galego de Barcelona dende 1892* (2012), *Centro Galego de Barcelona. Conciencia de Galicia* (2016) ou *Portela Vallares: ante el Estatuto* (2017)



Antonio Blanco Rodríguez

Licenciado en Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago. Especialista en Historia, Sec. Historia da Arte. Foi profesor no ensino secundario ata a súa xubilación. Desde 1991 ata 2003 foi o responsable da Área de Educación, Cultura e Deporte no Concello de Allariz, no 2008 foi delegado provincial en Ourense da Consellería de Cultura e Deporte, foi un dos promotores da Fundación Xan de Arzúz que se adica á promoción e organización da Festa do Boi e na actualidade é membro do Padroado da Fundación Vicente Risco desde a constitución desta.

Participou na elaboración da publicación *Cultura e concellos: as estraxexias da promoción cultural no ámbito local* (1998) e xunto con Juan Seara editaron *El castillo de Allariz* (2018) obra de Vicente María Feijoo. É autor das obras de ensaio *Doces e amendoados, chocolates e licores de Allariz* (2005) e *Pombais de Allariz* (2023).

Por outro lado publicou numerosos estudos sobre a historia de Allariz como relativos á presenza xudía en Allariz, aos sucesos acaecidos pola morte por asfixia branca acaecida na igrexa de San Salvador do Piñeiro, a posta en valor do Patrimonio Arqueolóxico no Concello de Allariz (Armea, San Salvador dos Penedos e Pontón do Briñal)...

